



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000327

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (BASES DE PARTICIPACIÓN NO CURSO OFICIAL DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE 2026. CONCELLERÍA DE DEPORTES, EDUCACIÓN E XUVENTUDE)

Aprobación das bases de participación no curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre. Concello de Sada 2026

Proposta efectuada pola Concellería de Deportes, Educación e Xuventude con data 27 de febreiro de 2026, pola que solicita aprobación das bases de participación no curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre. Concello de Sada 2026

RESOLVO:

Primeiro.- Prestar aprobación ás bases que se adxuntan a continuación.

Segundo.- Ordenar a súa publicación na páxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

BASES

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE 2026

O Curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre é unha formación útil que abre moitas portas de cara á inserción laboral. Esta formación capacita para deseñar, programar e pór en práctica ou avaliar actividades para o tempo libre ou socioculturais, orientadas á infancia, á mocidade, aos maiores ou ás persoas con necesidades especiais. Os contidos deste curso abarcan áreas como psicoloxía, dinámicas de grupo, xogos no tempo libre, expresión, educación ambiental, saúde, lexislación,...

REQUISITOS DO ALUMNADO

Os requisitos do alumnado son ter de 18 anos en diante e estar en posesión polo menos dalgún dos seguintes títulos:

- Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou equivalente, ou
- Técnico auxiliar en formación profesional ou equivalente.

Para desenvolver o curso será preciso contar cun mínimo de 15 alumnos e un máximo de 20. Terán preferencia as persoas empadroadas no concello de Sada.

O concello reservase o dereito de non iniciar o curso si o 50% dos solicitantes non están empadroados no concello de Sada.

FASES DO CURSO E AVALIACIÓN

O Curso de Monitor/a (350 horas) consta de dúas fases:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

1.- Fase Teórico-práctica (200 horas): Clases presenciais cun máximo de 10 horas diarias, adaptadas ao calendario.

A avaliación desta parte para a obtención da cualificación de apto/a baséase nos seguintes parámetros:

- A asistencia é obrigatoria. O alumnado que non asista a un mínimo do 80% das sesións non poderá ser avaliado pola escola de tempo libre.
- Actitude, grao de implicación e interese no curso.
- Capacidade de reflexión, pensamento crítico e perspectiva educativa.
- Traballo personalizado e individual.

Para isto empregárase un sistema de control de asistencia e un instrumento de avaliación continua mediante rúbricas que nos permitan asegurar que todo o alumnado poida acadar unhas competencias mínimas necesarias. Estes elementos estarán a disposición das/os participantes dende o comezo do curso.

2.- Fase Práctica (150 horas): O alumnado, superada a fase teórico-práctica, deberá elaborar o proxecto da fase práctica. Existen dúas modalidades de realización: 14 días nunha actividade de tempo libre, que se poderá realizar en campamentos, colonias ou albergues, campos de traballo ou en outros en bloques non inferiores a 3 días, ou en 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no tempo libre.

O alumnado dispón dun prazo de dous anos para realizar as prácticas unha vez rematada a fase teórica. Será necesaria a existencia dun/ha titor/a-director/a responsable de prácticas designado pola entidade receptora.

Unha vez rematadas as dúas fases coa cualificación de APTO/A, o alumnado deberá solicitar o título oficial á Xunta de Galicia, previo pago das taxas de expedición de titulacións oficiais.

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase no formulario on-line habilitado na web municipal aportando a documentación que se indica:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación académica.

O prazo de inscrición estará comprendido entre o día 2 e o 20 de marzo (inclusive).

ADXUDICACIÓN DE PRAZA

A adxudicación de praza será por riguroso orde de entrada no formulario e será comunicado aos solicitantes a través de correo electrónico o día 23 de marzo. O número de prazas son limitadas (mínimo 15 e máximo 20)

PAGAMENTO DO CURSO (AUTOLIQUIDACIÓN)

O custe total do curso é de 125,00 € (*), que debe aboarse unha vez sexa confirmada a praza definitiva entres os días 23 e 29 de de marzo (inclusive).

(*) Prezo público aprobado en Xunta de Goberno Local con data 10/12/2014, publicado no BOP nº74 de 21/04/2014.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O alumnado deberá realizar o pago mediante CARTA DE PAGAMENTO que se poderá tramitar na oficina virtual tributaria do concello: <https://ovtsada.dacoruna.gal/ga/150757/ASADA/tasas>

Prazo extraordinario de pagamento para cubrir prazas vacantes do 30 de marzo ao 5 de abril (inclusive)

En calquer caso o xustificante de pagamento deberá enviarse ao correo electrónico: omixsada@gmail.com para finalizar a tramitación da matrícula.

CALENDARIO TEÓRICO-PRÁCTICO

Abril: Días 10, 11, 12, 18, 19, 25, 26
Maio: Días 2, 3, 9, 10, 16, 17, 23, 24, 30, 31
Xuño: 6, 7, 13, 14

LUGAR DE IMPARTICIÓN

A realización do curso de monitores levarase a cabo en diferentes espazos de titularidade municipal

AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

En aras a dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), infórmase que: no curso de Monitores de Actividades de Tempo Libre recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc…)

O Responsable do tratamento é o CONCELLO DE SADA, con domicilio en AVDA DA MARIÑA 25, 15160 SADA (A Coruña) e ten, como finalidade, o uso das imaxes para a difusión e publicidade das actividades realizadas no curso de Monitores de Tempo Libre. O interesado terá dereito a retirar ou seu consentimento en calquera momento. Pode exercer en todo momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o seu dereito para solicitar a limitación do tratamento. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos como Autoridade de Control.

Para obter unha información máis exhaustiva achega do tratamento que o Concello realiza dos seus datos persoais, pode consultar a nosa política de privacidade a través da páxina web <http://sada.gal/politica-de-privacidade/>

ACEPTACIÓN DAS BASES

O feito de presentar a solicitude para participar no curso oficial de monitor/a de actividades de ocio e Tempo Libre implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CONCELLERIA DE DEPORTES, EDUCACION E XUVENTUDE
CONCELLO DE SADA

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.